

| | Nombre | Jur. 1 | Jur. 2 | Jur. 3 | Final | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | RAMONA [illegible] | 4 | 2 | 5 | 11 | |
| 2 | TOÑY | 4 | 10 | 6 | 25 | –1 |
| 3 | JOSEFA | 6 | 3 | 5 | 14 | |
| 4 | RODRI | 6 | 3 | 6 | 15 | |
| 5 | CARMEN BOQUETE | 4 | 2 | 5 | 11 | |
| 6 | OLGA COTIZAS | 4 | 1 | 5 | 10 | |
| 7 | Encarna Espada | 7 | 2 | 10 | 19 | –2 |
| 8 | Marita | 5 | 4 | 7 | 16 | –3 |
| 9 | OLGA | 5 | 2 | 9 | 15 | |
| 10 | ANA FRAN. | 5 | 3 | 8 | 16 | |
| 11 | ANA GONZALEZ | 5 | 3 | 7 | 15 | |

Na tarde de hoxe sábado, ás cinco e media, tal e como estaba previsto celebrouse o concurso de orellas no Bar A Ría de Ponche do Porco.

En primeiro lugar queremos dar as **grazas** a todos os participantes no concurso, así como ao xurado do mesmo e a toda a xente que veu simplemente a comer nas orellas. Esperamos que fora do seu agrado o concurso e que volvan a participar en próximas edicións.

A asistencia foi boa, e presentáronse **once participantes** provenientes de diferentes lugares do noso concello coas súas respectivas orellas que foron catadas en primeiro lugar polo xurado e a continuación por todos os asistentes ao acto.

O xurado, composto por Antonio Bernardo, concelleiro da área de Cultura, Mocidade, Deporte, Relacións Institucionais e Seguridade do concello de Miño, Mercés do Tolín e a última socia dada de alta na nosa Asociación, decidiu conceder os premios aos seguintes participantes:

- Primeiro premio de 100 euros : Toñy
- Segundo premio composto dun lacón e uns chourizos : Encarna Espada
- Terceiro premio composto dunha cachola de porco (doado polo Bar La Ría) : Marita.

Como se observa na imaxe existía un empate no terceiro posto polo que o xurado volveu a catar as orellas e decidiu o desempate a favor de Marita.

Aínda sendo a participación boa, notouse máis afluencia de xente doutras partes do concello, acudindo unha minoría de persoas de Ponche do Porco ao mesmo.